

## O equilibrio vén do útero

**Vicente Araguas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2009]). “O equilibrio vén do útero”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 5 de abril, 20. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/699>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2009). “O equilibrio vén do útero”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 5 de abril, 20.

\* Edición dispoñíbel desde o 27 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Vicente Araguas



# O EQUILIBRIO VÉN NO ÚTERO

**P**ertence Cristina Ferreiro Real a esa escola de mulleres-poetas partidarias do latrocinio. Enténdaseme, do roubo dese lume sagrado que –seica– anda pola morada dos deuses para que se apoderen del (precisamente) os poetas. Ou as poetas. Que son as que, ao menos en Galicia, andan a remexer con meirande voracidade nesa pota ou caldeiro no que se atopa a poción máxica que vigoriza e dá forzas aos practicantes da poesía. Como Cristina Ferreiro Real, autora de “Desequilibras e caer” (Bubela Editorial, Santiago de Compostela, 2009). Unha dona da que teño poucos coñecementos (por exemplo, non sei a súa orixe nin data de nacemento) pero si o de que se pode inscribir no “sentimentalismo”, corrente ou tendencia da que é promotor e editor o poeta lugués Xesús Manuel Valcárcel, prologuista deste libro de Cristina Ferreiro Real. Este ISMO, así, en maiúsculas que é como o escribe Valcárcel, ten arelas universais pero, dísenos no proemio do volume de Ferreiro Real, parte dunha actitude individual que exalta os aspectos creativos do suxeito, desde a premisa de que estes poden (débense igualmente) compartir. E é que, cito a Valcárcel: “A arte non se ensina. Apréndese pero non se ensina”.

Estas e outras cuestións de fondo subxacen neste preámbulo valcarciano, que aconsellamos porque non soamente alcende e ilumina o libro de Cristina Ferreiro Real senón que ilustra un movemento e proxecto editorial, o de Xesús Manuel Valcárcel, merecente (cando menos) do interese do lector galego que aposte por algo máis que os consabidos sota, cabalo e rei. E fóra destes naipes, ás veces tan marcados que aborrecen ás ovellas, está Cristina Ferreiro Real. Orixinal “ma non troppo”, rompedora, sen abusar, escatolóxica, non máis alá do previsible, pero posuidora dunha vontade de estilo e dun concepto rigorosos que fan que a lectura dos seus poemas sexa un proceso estimulante. Das maneiras do famoso estímulo que na poesía galega feminina vén dos tempos da ferrolá

(aínda que nada en Santiago de Compostela) Xohana Torres, sube polos ríos Xela Arias e Luísa Castro (e aínda Luísa Villalta) e desemboca, de momento, en Eva Veiga, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Emma Couceiro,

**“Ferreiro pode inscribirse no “sentimentalismo”, corrente ou tendencia da que é promotor o lugués Xesús Manuel Valcárcel”**



Cristina Ferreiro Real

**“Desequilibras e caer”**

Cristina Ferreiro Real

Bubela Editorial / 12,50

María Lado ou Lucía Aldao. E deixo á parte a Chus Pato, consciente de que nestas navegacións extrauterinas ela é a raíña dun mundo épico no que o verso lírico é pouco máis que acento ou tilde dunhas aventuras léxicas e sintácticas que dan moito xogo. E que achegan a prosa ao verso con teimosía. Sen medo ao distanciamento (ou talvez pola súa causa).

Eis, por certo, a poética de Cristina Ferreiro Real, inserida nestas tendencias ou belixerancias da poesía galega. Móvese Cristina por peches e aberturas, clausuras e fendas, e unha posición nidia onde a escatoloxía non é nunca posición derradeira. Senón sinal de partida. Un matiz ou aviso aos navegantes.